

Informe da Directora

Xunta de Escola, 23 de xuño de 2023

1 Actividades de representación

- 9 de xuño. Asistencia de Teresa Rivas en Arteixo (Coruña), en representación do centro, aos actos de entrega dos Premios a alumnado de primaria, ESO e Bacharelato do programa “*Prensa Escola*”.
- 9 de xuño. Asistencia de Ignacio Pérez-Rey e Manuel A. González, en representación da Escola, ao acto de presentación en Ourense da “*Axenda de Impulso da Minería Sostible de Galicia 2030*”.
- 22 de xuño. Asistencia de Raquel Pérez, en representación da Escola, ao acto de inauguración da exposición “*Minerais VER INVISIBLE*”, organizada pola USC, a Deputación de Coruña e o Museo de Historia Natural de Santiago de Compostela, exposición na que participa a Escola coa cesión temporal de 16 exemplares da colección “*Manuel de Sas de la Encina*”.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

2 Reunións de traballo

- 9 de xuño. Asistencia de Generosa Fernández, Enlace de Igualdade da escola, á *VII Xornada Universitaria Galega en Xénero (XUGeX)*, organizada pola Xunta de Galicia e as tres universidades do SUG.
- 12 de xuño. Reunión da directora con Marta Cerati, directora técnica de AMINER (“*Asociación de empresas investigadoras, extractoras, transformadoras, minero-metalúrgicas, auxiliares y de servicios*”) co obxectivo de formalizar a sinatura dun convenio de colaboración coa Escola.
- 23 de xuño. Reunión PAT-ANEAE (convocada por Ángeles Domínguez) coas persoas titoras e os coordinadores das titulacións dos cursos 22/23 e 23/24 para valorar o funcionamento do PAT-ANEAE e estudar propostas de mellora.
- 23 de xuño. Reunión de coordinación (convocada por Ana Rodríguez) co profesorado da materia “*Traballo Colaborativo*”, materia singular e de nova implantación no curso 2023-2024.

Agradécese o traballo realizado polas persoas que participaron nestas actividades.

3 Igualdade

3.1 Día Internacional da muller na enxeñaría

Con motivo do Día Internacional da Muller na Enxeñaría (23 xuño) publícase este día a convocatoria de Premios CONTOS EME 2023.

4 Divulgación Científica e Captación de Alumnado

4.1 Xornadas de Portas Abertas

Data	Perfil asistentes	Curso	Número asistentes	PDI participante	Actividade
13/06/2023	Futuro alumnado e acompañantes	1º e 2º bach	36 (15 estudantes)	Raquel Pérez	Charla sobre os graos e visita ás instalacións da EME

4.2 Concurso MAQUETA.RME 2023

O 9 de xuño tivo lugar, no vestíbulo da Escola, a xornada demostrativa das maquetas finalistas do concurso MAQUETA.RME. Presentáronse dous equipos, dos IES Val Miñor e IES As Telleiras, de alumnado de 3º da ESO. Trala exposición do traballo realizado o tribunal avaliador fixo unhas preguntas as persoas integrantes dos equipos. Trala valoración por parte do tribunal fíxose entrega dos premios, que foron os seguintes:

Título	Autores	Centro	Premio
<i>The Turn Back</i> : materiais de sempre nun mundo moderno	Hugo Fernández Carrera David dos Reis Alonso David Vila Chamorro Mario Vilán Mijón	IES Val Miñor (Nigrán)	Primeiro Premio
Enerxía pasiva nunha vivenda tradicional galega	Icía María Izquierdo González Simón López Eytora Cristina López Mandín Aldara Morado García Alejandra Naranjo Adascalitei Yolanda Otero Seoane	IES As Telleiras (Narón)	Segundo Premio

O xurado estivo formado por:

- Elena Alonso Prieto (especialista no ámbito do movemento de terras)
- Jesús Vence Fernández (especialista no ámbito da enxeñaría da enerxía)
- Mariola Juncal Rosales (profesora de bacharelato)
- Amanda Franco Sardinha (representante do estudantado)
- Andrés Cristobal Melero (representante do PDI)

Agradécese ás persoas que participaron nas actividades de divulgación e a Raquel Pérez o labor de coordinación.

5 Sistema Garantía Calidade

5.1 Docencia Quinquenal

Infórmase de que xa están dispoñibles os resultados da avaliación do programa Docencia Quinquenal da terceira convocatoria (período avaliado 2014-2015 a 2018-2019). Cabe indicar que os resultados son moi bos. Os catro profesores/as que se presentaron obtiveron valoración excelente. E cabe indicar que só se vincula ao centro profesorado que ten asignado o seu posto de traballo á Escola, polo que o número de profesores/as que obtiveron informe favorable é maior (temos información por outros canles de tres máis).

Se presentamos a información por titulación (tomando como referencia profesorado que impartiu docencia na titulación no curso 2020-2021) os resultados son os seguintes:

Titulación	Profesorado solicitante	Informe favorable
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas	4	4 (Excelente)
Grao en Enxeñaría dos recursos Mineiros e Enerxéticos	3	3 (Excelente)
Grao en Enxeñaría da Enerxía	4	4 (Excelente)

5.2 Mención excelencia Xunta Galicia

O Máster Universitario en Enxeñaría de Minas presentouse á convocatoria interna na Uvigo para a Mención de Excelencia da Xunta e foi unha das dúas titulacións seleccionadas.

5.3 Enquisas Satisfacción

Infórmase da participación á data actual nas enquisas de satisfacción coas titulacións. Sinálase que a porcentaxe de participación é moi baixa para o colectivo estudiantado e farase un recordatorio final para tratar de incrementar a participación antes do remate do prazo (30 de xuño).

Código	Titulación	Total da Mostra	Enquisas Realizadas	Porcentaxe
V09G291V01 Grao en Enxeñaría da Enerxía				
AL-2023	Enquisa de Avaliación da Satisfacción das Titulacións Oficiais (Graos e mestrados) - Enquisa para o alumnado	41	4	9.76 %
PR-2023	Enquisa de Avaliación da Satisfacción das Titulacións Oficiais (Graos e mestrados) - Enquisa para o profesorado	49	22	44.90 %
V09G311V01 Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos				
AL-2023	Enquisa de Avaliación da Satisfacción das Titulacións Oficiais (Graos e mestrados) - Enquisa para o alumnado	14	1	7.14 %
PR-2023	Enquisa de Avaliación da Satisfacción das Titulacións Oficiais (Graos e mestrados) - Enquisa para o profesorado	20	9	45.00 %
V09M148V01 Máster Universitario en Enxeñaría de Minas				
AL-2023	Enquisa de Avaliación da Satisfacción das Titulacións Oficiais (Graos e mestrados) - Enquisa para o alumnado	4	2	50.00 %
PR-2023	Enquisa de Avaliación da Satisfacción das Titulacións Oficiais (Graos e mestrados) - Enquisa para o profesorado	32	18	56.25 %

5.4 Guías docentes

- 14 de xuño. Sesión informativa impartida pola directora ao profesorado coordinador das materias do curso 2023-2024 sobre a entrada en vigor do *Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado*.

- 14 xuño. Realizouse unha sesión informativa sobre a elaboración das guías das materias de nova implantación en 4º curso, sesión convocada por Iria Feijoo e Fran Deive.
- 14 de xuño. Reunión de coordinación de contidos co profesorado dos departamentos de Enxeñaría Eléctrica e Tecnoloxía Electrónica, convocada por Fran Deive e Iria Feijoo como coordinadores das titulacións de grao.

Agradécese a Guillermo García o seu labor como Coordinador de Calidade e ás persoas que participaron nas diferentes actividades.

6 Recursos materiais e infraestruturas

- Recibiuse a dotación para laboratorios docentes (partida orzamentaria 626). No ano 2023 a cantidade baixou substancialmente, case un 50% en relación á dotación dos anos anteriores (ano 2021: 21.422,96 € e ano 2022: 21.372,55 €). Infórmase de que é necesario renovar o equipamento do Laboratorio M213 e o orzamento é de 17.741.89 €, polo que non é posible, neste ano, habilitar dotación para equipamento dos laboratorios docentes das áreas.
- Infórmase do remate da obra do almacén situado baixo as escaleiras do vestíbulo principal da EME.
- Infórmase da execución da obra de illamento con lámina mineral do teito do módulo de despachos da EME.

Agradécese a Francisco Deive o labor realizado como responsable de AAEE e infraestruturas do centro.

7 Persoas egresadas

- Publicouse o cuarto número da revista “Materia Prima”, coincidindo a publicación co Día Internacional da Muller na Enxeñaría, o 23 de xuño.
- Andrea Nóvoa Martínez foi galardonada coa prestixiosa beca *Amelia Earhart*, convocada pola sociedade Zonta Internacional, dedicada a diferentes causas encamiñadas a defender os dereitos das mulleres e a igualdade de xénero. A beca está dotada con 10.000 dólares USA e recoñece os méritos de 35 mulleres que están a facer a súa tese de doutoramento en temas relacionados coa enxeñaría aeroespacial. Andrea é egresada do Grao en Enxeñaría da Enerxía, despois fixo un Máster *Mphil in Energy Technologies*, en Cambridge, e actualmente é estudante de doutoramento na Universidade de Cambridge.
- Pablo Durán Gómez, acadou un dos Premios Nacionais de Fin de Grao, entregados o 12 de xuño e que corresponden ao curso 2016-2017.

Agradécese a Eduardo Liz o traballo realizado como Enlace das Persoas Egresadas da Escola.

8 Comunidade do centro

Infórmase da toma de posesión o 9 de xuño do seguinte profesorado da Escola, ben como Profesor/a Titular de Universidade ou como Catedrático/a de Universidade. A Xunta de Escola traslada os parabéns ao profesorado.

Profesor/a	Categoría	Área de coñecemento
María Araújo Fernández	PTU	Explotación de Minas
Francisco Deive Herva	PTU	Enxeñaría Química
Julia Cristóbal Ortega	CU	Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
Belén Díaz Fernández	PTU	Ciencia dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica
Daniel Villanueva Torres	PTU	Enxeñaría Eléctrica

9 Acto de Graduación

O 16 de xuño celebrouse o Acto de Graduación da 10ª promoción do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e a 8ª do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas. A mesa foi presidida por Natalia Caparrini, Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade da Universidade de Vigo, Luz María San Pelayo, Secretaria do “Colegio de Ingenieros Técnicos y Grados de Minas y Energía de Galicia”, Juan José Fernández Díaz, Decano-Presidente do “Colegio de Ingenieros de Minas del NO”, Ana Mejías Sacaluga, Concelleira Delegada do Concello de Vigo e Elena Alonso Prieto, Directora da Escola.

Os Padriños da Promoción foron os profesores Eduardo Liz (Graos) e Marta Cabeza (Máster en Enxeñaría de Minas) e a intervención inicial foi impartida por Adrián Pérez Solla, egresado da Escola e Delegado Comercial de ECOFOREST en Reino Unido.

Ademais, fíxose entrega dos seguintes premios:

- II Premio SOLTEC INGENIEROS, ao mellor expediente do Grao EE (8ª promoción): Iván Montenegro Vázquez
- Premio COITMGA, ao mellor expediente do Grao ERME (8ª promoción): Óscar Domínguez Bastos
- Premio COIMNE, ao mellor expediente do MUEM (5ª e 6ª promoción): Laura Andrés Herguedas.

Fíxose unha mención ao 30 aniversario de implantación dos estudos de enxeñaría de minas en Galicia e levouse a cabo a entrega dun recoñecemento ás seguintes empresas e entidades que colaboran de forma habitual coa Escola:

- Cámara Oficial Mineira de Galicia
- ACLUXEGA – Asociación Clúster da Xeotermia Galega
- ARIGAL – Asociación Galega de Áridos
- COITMGA “Colegio Oficial de Ingenieros Técnicos y Grados en Minas y Energía de Galicia”:
- COIMNE “Colegio Oficial de Ingenieros de Minas del Noroeste de España”
- SOLTEC Ingenieros S. L.
- “Ilustre Colegio Oficial de Geólogos-Delegación Galicia”
- FERROGLOBE PLC
- ORICA EXPLOSIVOS INDUSTRIALES, S.A.
- MGR Magnesitas de Rubián, S.A.
- DINAK

- AIMEN
- CALFENSA
- GRUPO PRECISGAL
- CUPA GROUP

O acto rematou cun ágape que foi amenizado polo grupo “Amorodo”.

Agradécese ás persoas que participaron no desenvolvemento do acto, a María Araújo, Raquel Pérez e Carmen Romo a organización do evento e a María Araújo a coordinación.